

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 20 DE DECEMBRO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Proxecto de Lei de estradas de Galicia.

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se nomea a Antonio Rodríguez Miranda secretario xeral da Emigración
- Decreto polo que se nomea a Susana López Abella secretaria xeral da Igualdade

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se nomea a Margarita Prado Vaamonde directora de Recursos Humanos del Servizo Galego de Saúde

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a fusión das sociedades Xestión Urbanística da Coruña, Xestión Urbanística de Lugo, Xestión Urbanística de Ourense e Xestión Urbanística

de Pontevedra mediante a creación dunha nova sociedade denominada Xestión do Solo de Galicia Xestur, S.A.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gastos plurianuais derivados da resolución pola que se convoca a axuda ás persoas inquilinas, en réxime de concorrencia non competitiva, das vivendas arrendadas no marco do Programa Aluga, no exercicio 2013.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o Igape a manter as autorizacións para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de cinco anos na modificación do aval concedido a Aspanas Termal, S.L.U.
- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de ampliación da estación de ITV do Espírito Santo en Sada (A Coruña), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da 2ª addenda ao convenio de colaboración asinado o 3 de abril do 2007 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, para o desenvolvemento de programas de I+D+I, por un importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da 5ª addenda ao convenio de colaboración asinado o 3 de abril do 2007 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Biomédica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, para o desenvolvemento de programas de I+D+I, por un importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da 9ª addenda ao convenio de colaboración asinado o 18 de xullo de 2007 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, para o desenvolvemento de programas de I+D+I, por un importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto da addenda e acordo de prórroga (2ª) para o ano 2013 dos contratos administrativos de xestión de servizo público, na modalidade de concesión para a atención dos menores en réxime de internamento nos centros de reeducación de menores dos que é titular a Xunta de Galicia (expediente 59/2010 – lote 1 e lote 2), por un importe de cinco millóns catrocentos un mil douscentos setenta euros (5.401.270,00 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se acorda a tramitación de emerxencia do expediente de execución das obras de remodelación da estrutura da cuberta e falsos teitos do CEIP “Quiroga Ballesteros” de Lugo, por un importe total de cento setenta e cinco mil noventa e seis euros con sesenta e oito céntimos de euro (175.096,68 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a cobertura do Programa galego para a detección da xordeira no período neonatal: cobertura do 100% dos nenos nados en Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ANTEPROXECTO DA NOVA LEI DE ESTRADAS DE GALICIA CO FIN DE MELLORAR A XESTIÓN DA REDE VIARIA DA COMUNIDADE

- ***A Xunta tramita a nova Lei de estradas para adaptar a actual aos cambios lexislativos en materia ambiental, urbanística e de contratación.***
- ***Ademais de modernizar a lexislación autonómica en materia de estradas, incídese nunha maior transparencia e seguridade xurídica para o cidadán, mecanismos de aforro para a Administración nos procesos expropiatorios e unha atención máis sensible aos afectados polas obras.***
- ***Coa nova lei garántese unha mellor prestación do servizo público viario e unha maior satisfacción dos cidadáns usuarios das estradas***
- ***O anteproxecto remitido á Asesoría Xurídica Xeral consta de 76 artigos divididos en cinco títulos, tres disposicións adicionais, dúas transitorias, unha derogatoria e tres derradeiras***

O Consello da Xunta de hoxe aprobou o anteproxecto da nova Lei de estradas de Galicia co fin de mellorar a xestión da rede viaria da comunidade galega. Superado este trámite, este mesmo mes de decembro o texto será remitido ao Parlamento de Galicia para o inicio da súa tramitación, co obxectivo de aprobala ao longo desta lexislatura.

Esta nova lei ten como obxectivo actualizar e modernizar a lexislación autonómica en materia de estradas e, ao mesmo tempo, desenvolver de xeito completo e innovador todos os aspectos que nelas inciden, ofrecendo solucións eficaces ás necesidades detectadas.

A nova lexislación, elaborada polos propios técnicos da Dirección Xeral de Infraestruturas, é máis clara (está mellor estruturada) e máis moderna, e será un instrumento útil para acadar unha óptima xestión das redes de estradas autonómicas e locais. Garántese unha mellor prestación do servizo público viario e unha maior satisfacción dos cidadáns usuarios das estradas.

Desde a entrada en vigor da actual lei en 1994, existen razóns de diversa natureza que xustifican a súa modificación: técnicas, como os avances acaecidos no campo da enxeñaría de estradas; financeiras, como a creación de novos mecanismos de financiamento das actuacións; e a fundamental que xustifica a modificación legal, os importantes cambios en disposicións normativas que inciden neste sector do dominio público (as derivadas da nova normativa en materia de contratación administrativa, de ambiente, e de ordenación do territorio e urbanismo).

Novidades

O anteproxecto presenta unha serie de novidades de entre as que, no que afecta máis directamente a cidadanía, se poden destacar as seguintes:

- Ofrece maior transparencia, especialmente pola mellora dos procedementos de control cidadán sobre os proxectos de estradas xa que aumentan os que deberán ser sometidos ao trámite de información pública.
- Atende ás demandas da cidadanía, compatibilizándoas coa protección do dominio público viario. A lei pretende ampliar a consideración de treitos urbanos aos terreos clasificados como núcleos rurais, sempre que contén con aliñacións no planeamento urbanístico.
- Reduce a carga administrativa ao cidadán en determinadas autorizacións, ao eliminar a esixencia de solicitar autorización no contorno dos treitos urbanos das estradas, fóra da zona de dominio público, pois trasládase a ordenación urbanística ao previsto no planeamento municipal, en lugar de definir zona de protección ou liña límite de edificación que resulten incoherentes con aquel.
- Establece mecanismos de aforro para a Administración en materia de expropiacións, ao tempo que se compatibiliza cun beneficio para o cidadán, xa que se permitirá, no caso de que o cidadán estea interesado, que nas expropiacións en materia de estradas os propietarios dos terreos manteñan os dereitos urbanísticos no resto da parcela non expropiada. Pola súa vez, a Xunta expropiaría os terreos coa consideración de rústicos.
- Atención máis sensibilizada aos afectados polas obras. O novo texto habilita a posibilidade de que a Administración repoña directamente os bens afectados polas obras de estradas en lugar da indemnización ao afectado.
- Clarifica a interpretación das limitacións de uso no contorno da estrada, posto que cambia o criterio para o establecemento da liña límite de edificación, adoptando o criterio de tomar a medida desde o bordo en lugar de dede a aresta da explanación, que é de difícil identificación.
- Achega maior seguridade xurídica ao cidadán: homoxeneiza as distancias ás que se establece a liña límite de edificación nas estradas convencionais, con independencia do tipo de rede en que se inclúa adita edificación.
- Racionaliza o uso dos terreos lindeiros: reordena o catálogo de actividades e usos permitidos nas zonas de protección da estrada, en combinación con futuros desenvolvementos, permitindo máis usos que na situación actual.

Estrutura

O anteproxecto de lei remitido á Asesoría Xurídica Xeral consta de 76 artigos divididos en cinco títulos, tres disposicións adicionais, dúas transitorias, unha derogatoria e tres derradeiras.

O título I, que consta de dez artigos (do 1 ao 10), está dedicado a determinar o obxecto e finalidade da Lei, que transcende o clásico ámbito da estrada para se referir ao máis amplo de dominio público viario. Deste xeito, preténdese integrar un dobre aspecto: a estrada e o resto de elementos que aparecen conexas a ela e ó específico réxime xurídico que se aplica a esta complexa realidade.

O título II consta de trece artigos (do 11 ó 24) e regula a planificación e proxección das estradas, coa intención de ofrecer mecanismos de traballo áxiles e flexibles en cada caso, á vez que garantan os debidos niveis de seguridade xurídica, coordinación entre administracións, participación cidadá e calidade na posta en servizo das estradas.

O título III (artigos 25 a 36) refírese á construción e financiamento das actuacións e á explotación do dominio público viario.

No título IV (artigos 37 a 59) dispónse o réxime de protección do dominio público viario, para o que se establece o tradicional sistema de limitacións ás propiedades contiguas e de control de usos mediante autorizacións administrativas. O título V (artigos 60 a 75) recolle os principios do réxime sancionador.

Por último, o texto remata coas disposicións adicionais, transitorias, derogatorias e derradeiras. Merecen especial atención as tres disposicións adicionais, que regulan, entre outros aspectos, o réxime de usos permitidos en edificacións, instalacións e peches preexistentes, á entrada en vigor da nova lei, independentemente da súa situación con respecto á estrada, e da posibilidade de encomendarlle a organismos xestores, distintos da administración titular das estradas, a súa xestión.

Tramitación

O 27 de xaneiro de 2012, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, unha vez aprobado inicialmente o borrador do anteproxecto de Lei de estradas de Galicia, e, ao abeiro do artigo 42.4 da antedita Lei 16/2010, someteuno a información pública a través do seu portal web, no cal se admitían todas as proposicións, suxestións ou recomendacións que, en relación con aquel, considérase pertinente realizar calquera cidadán, organización ou asociación.

Ao mesmo tempo, e de conformidade co artigo 42.3 da Lei 16/2010, este borrador de anteproxecto de lei someteuse á audiencia das principais administracións, organizacións e asociacións cuxos fins gardan relación directa co obxecto da disposición, por un prazo

de quince días hábiles. Ademais, solicitáronse o resto de informes dos distintos centros directivos da Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Igualdade, Consellería de Facenda).

PRESIDENCIA DA XUNTA

SECRETARIO XERAL DA EMIGRACIÓN

Antonio Rodríguez Miranda

Nacido o 15 de novembro de 1967 en A Bola, Ourense, Antonio Rodríguez Miranda está casado e é pai dunha filla. É licenciado en Ciencias Biolóxicas, especialidade de Zooloxía, pola Universidade de Santiago de Compostela, técnico superior en Prevención de Riscos Laborais, especialidade en Seguridade e Hixiene Laboral, e profesor e director de Formación.

Rodríguez Miranda é presidente local do PP de Allariz, concelleiro e voceiro municipal. Foi membro da Xunta Directiva e do Comité de Dirección provincial do PP de Ourense desde 2004 ata 2010 e responsable da área de Relacións Institucionais. Forma parte do Comité Executivo do PPdeG desde o ano 2006, e desde 2009 é membro do Comité de Dirección e vicesecretario-voceiro.

Deputado no Parlamento de Galicia na VII , VIII e IX lexislaturas, Antonio Rodríguez Miranda é voceiro de Presidencia e Administración Pública do Grupo Parlamentario Popular.

Membro de diferentes comisións na Cámara autonómica galega, foi voceiro na Comisión 1ª Institucional de Administración Xeral, Xustiza e Interior na VII e VIII lexislaturas e membro na IX. Dentro do seu traballo no Parlamento, foi ponente de leis como a de Modificación da Función Pública de Galicia, da Lei Omnibus e da Lofaxga de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE

Susana López Abella

Nacida en Chantada o 14 de maio de 1967, Susana López Abella realizou estudos de Ciencias Empresariais na Facultade de Empresariais de Vigo. Entre os anos 1999 e 2003 foi concelleira de Cultura e Relacións Institucionais e tenente de alcalde no Concello de Chantada.

Foi deputada no Parlamento galego desde a VI Lexislatura e vicesecretaria executiva e voceira de Benestar Social do PPdeG. Nesa lexislatura foi voceira adxunta 3ª do Grupo Popular, presidenta da Comisión da Mocidade, voceira na Comisión de Igualdade e Dereitos da Muller, voceira de Emprego na Comisión de Sanidade, Política Social e Emprego e secretaria na Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos. Durante a VII Lexislatura, foi voceira de Traballo, Muller e Igualdade do Grupo Popular, vogal nas comisións Institucional, Sanidade, Política Social e Emprego e de Relacións co Consello de Contas. Na VIII Lexislatura foi elixida deputada autonómica pola provincia de Lugo.

En abril de 2009 foi nomeada secretaria xeral de Familia e Benestar, da Consellería de Traballo e Benestar, e en outubro de 2011, secretaria xeral da Igualdade.

A XUNTA OFERTA 124 PRAZAS DE EMPREGO PÚBLICO NA OEP DE 2012

- ***Dez das prazas son de acceso libre para dotar a nova Axencia Tributaria de Galicia de persoal especializado na control e loita contra a fraude***
- ***As 114 restantes corresponden a promoción interna***
- ***As prazas están ocupadas provisionalmente por persoal interino ou laboral e dotadas orzamentariamente polo que non aumentan nin custos nin efectivos***
- ***A OEP de 2012 cumpre coa taxa de reposición establecida pola lei de orzamentos xerais do Estado***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a Oferta de Emprego Público (OEP) para o ano 2012, pola que a Administración autonómica saca a oposición 124 prazas no ámbito de función pública. Destas, dez son de acceso libre e 114 restantes de promoción interna. Ademais, esta oferta non conleva ningún aumento nin de efectivos nin de custo para a Administración autonómica.

A Lei de orzamentos xerais do Estado para 2012 dispón que durante o presente exercicio non se procederá no sector público autonómico á incorporación de novo persoal, aínda que exceptúa determinados sectores e colectivos de marcado carácter prioritario ou que afectan o funcionamento dos servizos públicos esenciais para os que a taxa de reposición de efectivos se fixa no 10%.

Neste sentido, a OEP de 2012 cumpre con esta taxa de reposición establecida por lei e concéntrase nos corpos responsables do control e da loita contra a fraude fiscal, funcións encomendadas na Comunidade Autónoma de Galicia ás escalas superior e técnica de finanzas. A necesidade de incorporación de persoal xustifícase pola creación e posta en marcha en 2013 da Axencia Tributaria de Galicia.

Consonte ao anteriormente sinalado, ofértanse dez prazas de acceso libre. Tres corresponden ao corpo superior do Administración da Xunta de Galicia (Subgrupo A1), Escala Superior de Finanzas, e as sete restantes ao Corpo de Xestión de Administración da Xunta de Galicia (Subgrupo A2), escala técnica de finanzas.

Promoción interna

Doutra banda, o Estatuto básico do empregado público establece a posibilidade de que a oferta de emprego conteña outras medidas como a promoción interna para a mellor utilización dos recursos humanos existentes e para a atención das expectativas profesionais do persoal funcionario sobre promoción, especialización e mobilidade.

Neste sentido, o executivo galego inclúe para este ano 114 prazas de promoción interna que afectan ao Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia (subgrupo A1); corpo de xestión da Xunta de Galicia (subgrupo A2); corpo administrativo da Xunta de Galicia (subgrupo C1); e corpo auxiliar da Xunta de Galicia (subgrupo C2) .

Contención de gasto e política racional de recursos humanos

Todas as prazas ofertadas están ocupadas provisionalmente por persoal interino ou por persoal laboral indefinido adscritos a unha praza de funcionario, e dotadas orzamentariamente incluídas nas relacións de postos de traballo vixentes, polo que non suporía un maior custo para a Administración autonómica nin incremento de efectivos, ademais de achegar estabilidade no emprego e reducir a temporalidade.

Os criterios de asignación das prazas da OEP 2012 aos corpos e escalas que se inclúen atópanse condicionados, con carácter xeral, polos ámbitos que se consideran preferentes de acordo coa estratexia de austeridade e de contención de gasto levada a cabo polo executivo galego.

O actual Goberno galego está levando a cabo unha política racional de recursos humanos. Hai que lembrar que a oferta de emprego público en 2009 xa foi moi restritiva e limitouse a 167 novas prazas e que non a houbo en 2010, mentres que de 2011 a OEP estivo centrada en prazas especializadas co obxectivo de contar con persoal que mellore o servizo público ao cidadán.

ANEXOS OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2012

ACCESO LIBRE

Escalas:

Corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (subgrupo A1)

- Escala superior de finanzas.....3

Corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia (subgrupo A2)

- Escala técnica de finanzas.....7

TOTAL..... 10

PROMOCIÓN INTERNA:

Corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (subgrupo A1).....10

Corpo de xestión da Xunta de Galicia (subgrupo A2).....15

Corpo administrativo da Xunta de Galicia (subgrupo C1).....50

Corpo auxiliar da Xunta de Galicia (subgrupo C2).....39

TOTAL..... 114

CONSELLERÍA DE SANIDADE

DIRECTORA DE RECURSOS HUMANOS DO SERGAS

Margarita Prado Vaamonde

Naceu en 1968. É licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela (1986-1991). Conta co diploma de directivo da Xunta de Galicia e co diploma de xestores de Recursos Humanos do Sergas.

Foi persoal estatutario fixo na categoría do grupo técnico da función administrativa, na modalidade xurídica, e no grupo de xestión da función administrativa.

De 1993 a 1995 traballou na Asesoría Xurídica Xeral da Xunta, na Consellería de Presidencia e Administración Pública, desenvolvendo as funcións de asesoramento xurídico no proceso de reforma normativa da Administración autonómica e de informe sobre as disposicións administrativas de carácter xeral.

En 1997, na Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade, traballou no Servizo Técnico Xurídico da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais. Posteriormente, entre 1998 e o ano 2000, foi xefa do Servizo de Persoal do Hospital do Meixoeiro de Vigo.

No ano 2000, e ata 2006, exerceu como técnica na Dirección de Recursos Humanos e, posteriormente, foi nomeada directora de Recursos Humanos e Relacións Laborais no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

Desde marzo de 2006 ata a actualidade, exerceu o cargo de xefa do Servizo de Recursos e Reclamacións da Subdirección Xeral de Relacións Laborais, Réxime Xurídico e Recursos e Reclamacións, na Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde (Sergas).

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZOU A CONSTITUCIÓN DA EMPRESA PÚBLICA XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA–XESTUR, S.A, A PARTIR DA FUSIÓN DAS CATRO XESTUR EXISTENTES NA ACTUALIDADE

- ***A fusión, que podería realizarse a mediados de 2013, permitirá un aforro de máis de 10 millóns de euros nunha lexislatura***
- ***Asemade, mellorará o financiamento da sociedade e os servizos que presta***
- ***O capital social quedará integrado pola Xunta e as catro deputacións provinciais***
- ***Os activos de Xestur, S.A. en solo empresarial e residencial superan os 417 millóns de euros***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou o inicio dos trámites mercantís para a constitución da empresa pública Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A., na cal se integrarán as sociedades Xestur existentes na actualidade nas catro provincias galegas. A fusión, que podería producirse a mediados de 2013, permitirá un aforro de máis de 10 millóns de euros nunha lexislatura, que permitirá mellorar a posición financeira da sociedade e suporá a extinción das actuais catro sociedades.

A constitución de Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A. é a solución máis acertada para solventar os problemas de financiamento das actuais xestures e tamén para garantir unha maior eficiencia na prestación dos seus servizos, cunha maior coordinación na programación, desenvolvemento e xestión da política de solo empresarial en Galicia. Ademais, como xa se indicou, a fusión das catro xestures supón un notable aforro económico.

Cabe salientar que os problemas financeiros das xestures proceden principalmente da política seguida entre 2005 e 2009 en que asinaron pólizas de crédito a curto prazo cuxos vencementos dificilmente era posible atender cos beneficios xerados pola súa actividade, ao se reduciren as vendas de solo empresarial e residencial a causa da crise económica.

Nese período as xestures concertaron pólizas de crédito por importe global de 166.100.000 euros, o que supón practicamente o 92 por cento do seu endebedamento actual coas entidades financeiras.

Desde 2009 vense realizando un importante esforzo de contención de gasto e racionalización dos investimentos para frear o nivel de endebedamento das sociedades, realizándose tamén ampliacións de capital nos casos necesarios.

A constitución dunha única sociedade permitirá avanzar na conversión dos créditos a curto prazo existentes na actualidade en préstamos a longo prazo, o que garante a continuidade das actividades de Xestur, S.A. en mellores condicións financeiras.

O capital social de Xestur, S.A corresponderá aos actuais accionistas das catro xestures existentes, composto pola Xunta de Galicia, as deputacións provinciais da Coruña, Lugo e Pontevedra e o Inorde. A repartición do capital será a seguinte:

- Instituto Galego da Vivenda e Solo: 71,29 %
- Consellería de Facenda: 19,97 %
- Deputación da Coruña: 4,66 %
- Deputación de Lugo: 2,63 %
- Inorde: 1,12 %
- Deputación de Pontevedra: 0,33 %

O capital social de Xestur, S.A ascenderá á cantidade de 51.109.907,66 euros.

Polo que respecta aos activos da nova sociedade son os das catro xestures actualmente existentes, que se centran en solo empresarial e solo residencial.

A nova sociedade contará con 795 parcelas de solo empresarial á venda, que supoñen máis de 2,87 millóns de metros cadrados, distribuídos por provincias da seguinte maneira:

- A Coruña: 452 parcelas, 1.869.912 metros cadrados
- Lugo: 186 parcelas, 463.843,01 metros cadrados
- Ourense: 61 parcelas, 117.324,15 metros cadrados
- Pontevedra: 96 parcelas, 425.775 metros cadrados

Polo que respecta a solo residencial, as existencias acadan os 90.000 metros cadrados, localizados fundamentalmente no Bertón (Ferrol), Ofimático (A Coruña), Garabolos (Lugo) e Valdecorvos (Pontevedra).

O valor, a prezo de venda, do solo empresarial e residencial propiedade de Xestur ascenderá a máis de 417 millóns de euros.

A XUNTA DESTINARÁ 5,1 MILLÓNS DE EUROS AOS CONTRATOS DO PROGRAMA ALUGA QUE SE PRORROGUEN EN 2013

- *Tramítase o gasto anticipado para poder conceder as axudas que correspondan aos contratos que se prorroguen en xaneiro de 2013*
- *As axudas aos propietarios das vivendas aprobaranse o ano próximo.*

O Instituto Galego da Vivenda e Solo destinará en 2013 un total de 5.109.239,43 de euros aos contratos do programa Aluga actualmente en vigor que se renovarán ao longo de 2013, segundo acordou hoxe o Consello da Xunta de Galicia.

A tramitación anticipada do gasto xustifícase pola necesidade de poder facer fronte ao financiamento das axudas que necesariamente se teñen que conceder en xaneiro ao corresponder a prórrogas dos contratos de arrendamento asinados no mes de xaneiro de anos pasados. As axudas do programa Aluga concédense por períodos de doce meses renovables cada ano, cando se cumpren as condicións, ata un máximo de cinco anualidades.

Esta convocatoria inclúe unicamente as axudas aos inquilinos, polo que as destinadas aos propietarios das vivendas deberán convocarse en 2013.

O programa Aluga dispón de axudas dirixidas aos inquilinos para o financiamento parcial da renda, nunha porcentaxe que vai do 30 por cento ata o 70 por cento do prezo da renda, segundo tramo de ingresos. Estas porcentaxes incrementanse en 10 puntos porcentuais cando se trata de vítimas de violencia de xénero, de maneira que a axuda pode chegar ao 80 por cento do custo do alugueiro.

Por outra parte, concédense axudas aos propietarios para rehabilitación de vivendas incluídas no programa e para gastos causados polo alugueiro, que serán convocadas en 2013.

Ao abeiro do programa Aluga tamén se concederán axudas no marco do Programa de realoxo de afectados por execucións hipotecarias, aprobado polo Consello da Xunta o pasado 5 de decembro, e que será obxecto dunha orde específica na cal se regularán as axudas a este colectivo. Na actualidade xa están en vigor as axudas aos afectados por execucións hipotecarias por medio da adxudicación de vivendas de promoción pública.

A XUNTA DE GALICIA CONCEDE UN AVAL DE 375.000 EUROS PARA O MANTENIMENTO DE MÁIS DE CEN EMPREGOS NO CENTRO ASPANAS TERMAL DE OURENSE

- ***Permitirá mobilizar un préstamo de 500.000 euros destinado a financiar o circulante necesario para manter a actividade desta sociedade dedicada a servizos de ocio e turismo***
- ***Actualmente, Aspanas Termal, S.L.U. conta cun cadro de persoal de 107 persoas, das cales un 84,3% son discapacitados***

A Consellería de Economía e Industria concederá un aval por importe de 375.000 euros para apoiar a actividade e o mantemento de máis dun cento de postos de traballo no centro especial de emprego Aspanas Termal SLU, situado na Peroxa (Ourense).

O aval, outorgado polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e que autorizou o Consello da Xunta, permitirá mobilizar un préstamo bancario de 500.000 euros destinado ao financiamento de circulante necesario para garantir a actividade e a consolidación de emprego, especialmente para persoas discapacitadas, en Aspanas Termal, S.L.U.

A entidade, grazas aos investimentos realizados nos dous últimos exercicios, conta cunhas instalacións axeitadas para o desenvolvemento das súas actividades de ocio e turismo que lle permiten obter un fluxo de ingresos de modo continuado. Actualmente, conta cun cadro de persoal de 107 persoas, das cales un 84,3% son discapacitados.

Aspanas Termal, S.L.U. presta en Ourense servizos de atención e orientación ao termalista, servizos de mantemento de zonas verdes en zonas termais, xestión de aparcadoiros e de actividades de lecer e tempo libre, xestión e atención de servizos de cámping e vivendas turísticas, actividades de recollida, transporte e tratamento de todo tipo, actividades de atención a persoas dependentes, servizos sociais a empresas, institucións e particulares, servizos de responsabilidade social corporativa, servizo de lavandaría industrial e de cátering.

Aspanas Termal é un centro promovido pola Asociación de Pais a Favor das Persoas con Retraso Mental de Ourense (ASPANAS) a través da Fundación Amencer Aspanas, e que ten como obxectivo principal a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e as das súas familias, así como a integración individual e a normalización destas persoas no seu propio contorno.

Entre os servizos que ofrece este centro destacan os de atención a discapacitados psíquicos adultos, centro ocupacional, centro residencial, pisos tutelados, centro especial de emprego, tenda, servizos de ocio e tempo libre, club deportivo, servizos de internado permanente etc.

A XUNTA HABILITA A ITV DO ESPÍRITO SANTO COMO A PRIMEIRA EN GALICIA CAPACITADA PARA INSPECCIONAR VEHÍCULOS ESPECIAIS DE TRANSPORTE TERRESTRE DE ALIMENTOS PERECEDOIROS

- ***O Consello da Xunta aproba de xeito definitivo o proxecto de ampliación desta estación de Sada na cal se implantará un túnel de frío cun orzamento de 1,5 millóns de euros***
- ***O proxecto inclúe, tamén, a construción dun novo espazo para o Arquivo Provincial de Vehículos, titularidade da Consellería de Economía e Industria, así como a posibilidade dunha futura ampliación***

O Consello da Xunta aprobou hoxe, de xeito definitivo, o proxecto sectorial de ampliación da Estación de Inspección Técnica de Vehículos (ITV) do Espírito Santo, situada no municipio coruñés de Sada, polo que se dotará o complexo dun túnel de frío que posibilitará que se realicen en Galicia ensaios e inspeccións de vehículos especiais para o transporte terrestre de produtos alimentarios a temperatura regulada.

O investimento nesta infraestrutura conta cun orzamento de 1,5 millóns de euros, e fará de Galicia unha comunidade pioneira na materia, sendo a única xunto a Madrid na que se poden pasar este tipo de controis. Deste xeito, evitarase que os empresarios do sector se teñan que desprazar, co consecuente aforro tanto económico como de tempo. Neste sentido, cómpre lembrar que os vehículos que pasan polo túnel do frío son aqueles que teñen a consideración de especiais: vagóns, camións, remolques, semirremolques, contedores, caixas móbiles e outros análogos.

Na ampliación proxectada para a estación de ITV do concello coruñés de Sada tamén se prevé a construción dun novo espazo para o Arquivo Provincial de Vehículos, titularidade da Delegación Territorial da Coruña da Consellería de Economía e Industria, no cal se garda toda a información dos vehículos matriculados na provincia e que se atopa nas instalacións da concesión.

Ademais, queda aberta a posible construción a medio ou longo prazo doutra dotación na explanada inferior da parcela que agora mesmo ocupa a estación, co obxectivo de dar solución a futuras necesidades. Para a realización desta ampliación bastaría unha licenza municipal, non sería necesario recorrer á declaración de supramunicipalidade toda vez que esta foi aprobada xa polo Consello da Xunta para a totalidade do proxecto.

Deste xeito, permítese que se poidan construír nun futuro novas liñas de inspección, ampliar os servizos administrativos e dependencias, arquivos, vestiarios, almacéns, instalacións de investigación e desenvolvemento en materia de ITV, salas de formación e de celebración de eventos e actos e outros compatibles cos que se desenvolven no recinto.

SANIDADE DESTINA MÁIS DE 450.000 EUROS A PROXECTOS DE I+D+i BIOSANITARIA, ENTRE OS QUE SE ATOPAN OS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA PARGA PONDAL

O Consello da Xunta autorizou as addendas aos convenios de colaboración asinados entre o Servizo Galego de Saúde e as fundacións do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, de Santiago e de Vigo.

Con estes fondos, o Sergas participa no financiamento de distintos proxectos de investigación biosanitaria entre os que se atopan os correspondentes ao programa Parga Pondal neste ámbito de investigación.

En concreto, destinaranse 150.000 euros para a Fundación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña; 150.000 euros para a Fundación Biomédica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo; e 150.000 euros para a Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

Os programas previstos son a potenciación de liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científico técnica; a formación, captación e retención de talento, situando o investigador como eixe e principal valor das actividades de I+D+i.

Tamén é obxectivo destes programas o fomento da participación e captación de fondos dos programas europeos de I+D+i para posicionar a investigación sanitaria realizada en Galicia no espazo europeo de investigación. Así como a protección, valorización e transferencia dos resultados de investigación para conseguir que o sector sanitario actúe como motor de crecemento económico.

A Estratexia Sergas 2014 establece como unha das súas liñas estratéxicas a promoción da investigación, innovación e transferencia dos resultados xerados nos centros de investigación e innovación sanitaria, tales como hospitais, centros de saúde e unidades de xestión e administración, co fin de potenciar un modelo de investigación orientado cara á innovación, que configure o sector sanitario galego como referente en I+D+i e actúe como motor de crecemento económico na nosa comunidade.

Neste mesmo senso situase a reunificación das fundacións de investigación sanitaria que está a promover a Consellería de Sanidade e que se consolidará en 2013, quedando só 3 fundacións que coincidirán cos 3 Institutos e que englobarán todos os hospitais galegos e todos os centros de atención primaria, facilitando a xestión máis eficiente dos recursos.

BENESTAR DESTINA 5,4 MILLÓNS DE EUROS AO MANTEMENTO DE 70 PRAZAS DE MENORES NOS CENTROS CONCEPCIÓN ARENAL E MONTELEDO

- ***A Consellería de Traballo e Benestar incrementará catro prazas (dous en cada centro) a través dun aumento do investimento de preto de 309.000 euros***
- ***Deste xeito, o centro Concepción Arenal contará cun total de 34 prazas en que se invisten 2,6 millóns; e Monteledo con 36 prazas, e un orzamento de 2,8 millóns***
- ***Este incremento de prazas dá resposta a actual demanda para a execución de medidas xudiciais impostas polos xulgados de menores para prestar unha atención integral e continuada aos internados***

A Consellería de Traballo e Benestar investirá ao longo do próximo ano un total de 5,4 millóns de euros no mantemento de 70 prazas para a atención de menores en réxime de internamento nos centros de reeducación de menores Concepción Arenal na Coruña e Monteledo en Ourense.

En concreto, o departamento autonómico incrementará catro prazas (dúas en cada centro) a través dun aumento do investimento total de preto de 309.000 euros. Deste xeito, o centro Concepción Arenal contará cun total de 34 prazas en que se invisten 2,6 millóns; e Monteledo con 36 prazas e un orzamento de 2,8 millóns.

Este incremento de prazas vén determinada pola actual demanda para a execución de medidas xudiciais impostas polos xulgados de menores para prestar unha atención integral e continuada aos internados en virtude dunha resolución xudicial, así como a aplicación de programas co obxecto da súa reinserción social.

Actualmente a Xunta de Galicia é titular de catro centros destinados a executar medidas xudiciais de internamento para os menores infractores, en réxime de internamento aberto, semiaberto e pechado. Ademais dos centros Concepción Arenal e Monteledo, tamén conta co centro Montefiz de Ourense con 22 prazas e Avelino Montero de Pontevedra, con 25 prazas. A estas prazas súmanse outras 50 prazas de centro de día destinadas aos menores infractores aos que se lles impoñen medidas xudiciais de medio aberto.

Durante as súas estadías nos centros, perséguese conseguir unha socialización o máis axeitada posible do menor, e búscase acadar a adquisición de habilidades sociais, laborais e educativas necesarias para a súa integración social con posterioridade á execución da medida xudicial.

CULTURA E EDUCACIÓN DESTINARÁ MÁIS DE 175.000 EUROS Á REPARACIÓN DAS CUBERTAS E FALSOS TEITOS DO CEIP QUIROGA BALLESTEROS, EN LUGO

- ***A actuacións iniciáronse con carácter inmediato, tras detectarse a deterioración do sistema de cubrición do edificio, que data dos anos 40***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará máis de 175.000 euros á reparación da cuberta e falsos teitos do CEIP Quiroga Ballesteros, en Lugo, co obxecto de dar resposta ás necesidades do centro e garantir o benestar e a seguridade da súa comunidade educativa. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace a este investimento, despois de que os técnicos do departamento educativo da Xunta de Galicia detectasen a necesidade de facer as devanditas reparacións.

Os arranxos producíranse tras detectar que o encaixamento dalgunhas das vigas da cuberta co muro da fachada do centro se atopaban en mal estado. Cómpre sinalar que o CEIP Quiroga Ballesteros está situado nun edificio que data dos anos 40, e que foi reformado nos 70 para instalar nel o colexio. O sistema construtivo é de muros de carga de cachotería, con formación de cuberta con armazón de madeira, con vigas e pontóns, e cubrición con lousas irregulares.

Unha vez detectado o envellecemento da cuberta, procedeuse a desaloxar as aulas afectadas, así como ao apuntamento das vigas deterioradas. De inmediato, a Consellería iniciou os trámites para a contratación das obras para a restauración, consistentes na substitución das pezas danadas. Así mesmo, renovarase a instalación eléctrica de iluminación afectada e mudaranse os falsos teitos por unha nova estrutura de taboleiros e illamento accesible, xa que a estrutura de xeso existente non permitía un control do estado da estrutura da cuberta.

Desta forma queda de manifesto o compromiso da consellería coa solución desta situación, co fin de evitar que se produzan inconvenientes para docentes, persoal e alumnado do centro.

SANIDADE ACADA O 100% DE COBERTURA NO SEU PROGRAMA DE DETECCIÓN DA XORDEIRA EN PERÍODO NEONATAL

- ***A importancia desta proba é fundamental, xa que un diagnóstico precoz pode evitar as secuelas comunicativas, psicolóxicas e sociolóxicas da xordeira***
- ***A aceptación do programa por parte dos pais é moi alta, cun 99,3%% de participación***
- ***34 nenos diagnosticados polo programa están sendo beneficiados polo acordo asinado coa USC, o que significa que accederon de xeito gratuito aos audífonos que precisaban***

A Consellería de Sanidade acadou o 100% de cobertura no seu Programa de detección da xordeira no período neonatal, tras asinar un convenio de colaboración co Hospital Miguel Domínguez de Pontevedra, que se une aos centros públicos da rede hospitalaria galega e aos centros sanitarios privados de Povisa, Pintado e Fátima, todos eles de Vigo; Santa Teresa e Belén, da Coruña; e La Rosaleda, de Santiago, que xa forman parte desta iniciativa

O Programa galego para a detección da xordeira no período neonatal naceu no ano 2002. No ano 2005 estaba xa implantado en todos os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde e iniciouse o traballo para a súa implantación nas maternidades privadas da comunidade autónoma, ás cales se lles facilita a tecnoloxía, formación e asesoramento necesarios a cambio dos cales o programa se executa de forma gratuíta nelas cumpríndose os protocolos e rexistros establecidos nas súas guías. En Galicia nacen nas maternidades privadas ao redor de 3.000 nenos cada ano.

A aceptación do programa por parte dos pais é moi alto, cun 99,3%% de participación. No primeiro semestre do ano 2012 realizáronse as probas 10.457 bebés; que se suman aos 165.474 que as fixeran entre 2002 e 2011. A porcentaxe de casos de xordeira detectados a través desta proba é de 0,89 casos por cada mil rapaces.

Convenio coa USC

Tamén no ano 2012 foi asinado un convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a prestación de apoio técnico e para o desenvolvemento das actividades relacionadas coa adaptación protésica e o seguimento audiolóxico dos nenos diagnosticados por este programa.

Así, mediante este acordo púxose en marcha un mecanismo de préstamo das próteses auditivas para garantir o acceso de todos os nenos con asistencia no Sergas á prótese máis adecuada, ademais de asegurar a súa mellor adaptación e seguimento dos seus progresos.

Ademais, contribúe a que os pais teñan un referente claro para o tratamento audiolóxico do seu fillo coa seguridade de estar facendo o mellor para o seu desenvolvemento cognitivo e a súa capacidade de comunicación e integración. Actualmente, 34 nenos diagnosticados polo programa están sendo beneficiados por este acordo de colaboración, o que significa que accederon de xeito gratuíto aos audífonos que precisaban e que se garantiu a súa correcta adaptación e seguimento para obter o máximo beneficio que pode proporcionarlles o feito de teren participado no programa.

Diagnóstico precoz

O momento máis eficaz da detección das deficiencias auditivas é antes das 48 horas de vida do recém nado. Por este motivo, a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública procura realizar este diagnóstico precoz coa fin de evitar as secuelas comunicativas, psicolóxicas e sociolóxicas da xordeira.

A xordeira é un problema de especial importancia durante a infancia, xa que o desenvolvemento intelectual e social do bebé están intimamente unidos á información que chega ao seu cerebro a través do oído. A ausencia do estímulo auditivo durante os tres primeiros anos de vida ten efectos adversos sobre o desenvolvemento do sistema nervioso central, dificulta a aprendizaxe da linguaxe e impide a aparición da fala, provocando alteracións posteriores no desenvolvemento social, emocional, cognitivo e académico do neno.

Estas consecuencias pódense minimizar mediante a intervención temperá a través da aplicación dun tratamento médico-cirúrxico e a rehabilitación protésica e foniátrica axeitada segundo cada caso.